

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201600006941  
29/04/2016 09:14:30

**RESOLUCIÓN DO 26 DE ABRIL DE 2016 POLA QUE SE  
APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS  
ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO  
PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA DA  
CATEGORÍA DE TÉCNICO MEDIO DE TECNOLOXÍAS DA  
INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS**

De acordo coas bases segunda e cuarta da resolución reitoral do 24 de xullo de 2014 pola que se convoca proceso selectivo para a elaboración dunha lista de espera da categoría de técnico medio de tecnoloxías da información e comunicacións.

**ESTA REITORÍA RESOLVEU:**

**Primeiro:** Aprobar e ordenar a publicación da relación definitiva de persoas admitidas e excluídas (anexo I).

**Segundo:** Convocar nun único chamamento a todas as persoas admitidas o 1 de xullo de 2016 ás 17:00 horas no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Vigo para a realización da proba.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do edificio da Xerencia, de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Este recurso non poderá interporse ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación presunta.

Dilixencia para facer constar que a presente resolución se publica no taboleiro de anuncios do rexistro xeral o día 29 de abril do 2016,  
A xefa do negociado de selección e provisión

  
Carmen Romero Casal

Vigo, 26 de abril de 2016

O reitor,

  
Salustiano Mate de la Iglesia